

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 26 DE XANEIRO DE 2021.**

**PRESIDENTE:**

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

**ASISTENTES:**

D.<sup>a</sup> María Guadalupe Pombo Carril  
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle  
D.<sup>a</sup> Marta María Figueroa Fuentes  
D. Carlos Liñares Gestal  
D.<sup>a</sup> Marta María Iglesias Becerra  
D. Abraham Seijas González  
D.<sup>a</sup> Yessica Méndez Sánchez

**INTERVENTORA MUNICIPAL:**

D.<sup>a</sup> Vanesa García Barreiro

**SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e corenta minutos do día vinte e seis de xaneiro do ano dous mil vinte e un, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.<sup>a</sup> María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.<sup>a</sup> Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.<sup>a</sup> Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.<sup>a</sup> Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.<sup>a</sup> Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA EN DATA 19 DE XANEIRO DE 2021.**

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o día 19 de xaneiro de 2021, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión extraordinaria realizada o día 19 de xaneiro de 2021.

**2.- DACIÓNS DE CONTA.**

**2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.**

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

**Publicacións:**

- Orde do 30 de decembro de 2020, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2021, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (código de procedemento PR486A). DOG núm. 12 do 20-01-2021.
- Orde do 29 de decembro de 2020, da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás entidades colaboradoras da Rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a

economía social, e se convocan para os anos 2021 e 2022 (código de procedemento TR811A). DOG núm. 13 do 21-01-2021.

- Orde do 23 de decembro de 2020, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento CT235A). DOG núm. 14 do 22-01-2021.
- Orde do 11 de xaneiro de 2021, da Consellería de Política Social, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas parcialmente polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento BS700A). DOG núm. 16 do 26-01-2021.
- Anuncio do 8 de xaneiro de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D.<sup>a</sup> María Guadalupe Pombo Carril, desde as 10.00 ata as 15.00 horas do día 7 de xaneiro de 2021. BOP núm. 12 do 20-01-2021.
- Extracto da Resolución núm. 2021/1431 do 14 de xaneiro de 2021, da Presidencia da Deputación da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do Programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais durante o ano 2021 (FO207/2021). BOP núm. 15 do 25-01-2021.
- Extracto da Resolución núm. 2021/1432 do 14 de xaneiro de 2021, da Presidencia da Deputación da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do Programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación, durante o ano 2021. (FO216/2021). BOP núm. 15 do 25-01-2021.

C.I.F. P-1503100-H

## **2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.**

2.2.1.- A Sra. Méndez Sánchez dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actuacións da concellería delegada da Área de Participación Cidadá, Educación e Medio Rural:

### **"1) Subvencións Municipais 2019: Liña de actuación 4: PROMOCIÓN DA EDUCACIÓN**

Beneficiario/CIF	Subvención concedida	Orzamento total a xustificar	Importe xustificado (gasto elixible)	Pago anticipado realizado	Liquidación
Beneficiario: AMPA Rosalía de Castro, do CEIP de Tarrío. CIF: G15059561	3.600,00 €	4.500,00 €	37.753,42 €	2.880,00 €	720,00 €
Beneficiario: ANPA Vilaboa, do CEIP Sofía Casanova. CIF: G15315856	5.000,00 €	12.018,80 €	34.523,70 €	4.000,00 €	1.000,00 €
Beneficiario: ANPA Carcabelos, do CEIP Díaz Pardo. CIF: G15399264	2.700,00 €	3.375,00 €	4.128,74 €	2.160,00 €	540,00 €
Beneficiario: ANPA La Laguna, do CEIP Ría do Burgo. CIF:	5.000,00 €	6.250,00 €	8.861,14 €	4.000,00 €	1.000,00 €

G15906241					
Beneficiario: APA colexio Rías Altas CIF: G15229917	1.259,78 €	1.574,73 €	1.526,86 €	1.007,82 €	213,66 €
Beneficiario: .Asoc.de pais alumnos A Galera, do IES Blanco Amor CIF: G15677511	2.000,00 €	2.500,00 €	3.715,00 €	1.600,00 €	400,00 €
Beneficiario: ANPA Acio, do colexio Andaina. CIF: G70020862	2.000,00 €	4.250,00 €	5.243,70 €	1.600,00 €	400,00 €
Beneficiario: ANPA Beiramar, do IES U.Laboral. CIF:G15154420	2.482,26 €	3.102,83 €	4.185,66 €	1.985,81 €	496,45 €
Beneficiario: Clube Xoga e Aprende CIF:G70368741	3.000,00 €	3.750,00 €	4.523,6 €	2.400,00 €	600,00 €

C.I.F. P-1503100-H

Iniciar expediente de reintegro parcial do importe da subvención por xustificación insuficiente dos fondos recibidos, aos seguintes beneficiarios:

Beneficiario/CIF	Subvención concedida	Orzamento total a xustificar	Importe xustificado (gasto elixible)	Pago anticipado realizado	Importe a reintegrar
Beneficiario: ANPA Lavandeira, do CEIP Vila de Rutis. CIF: G70561287	1.500,00 €	1.875,00 €	1.182,30 €	1.200,00 €	254,16 €
Beneficiario: ANPA O Burgo, do CMUS CIF: G15418825	4.199,00 €	5.248,75 €	2.091,08 €	3.359,20 €	1.686,34 €

## ACTIVIDADES EN CENTROS EDUCATIVOS

### Actividade 1: Programa intercultural PERROS y LETRAS, READ España.

- Desenvolvido pola asociación PERROS Y LETRAS, READ España.
- Subvencionado polo Ministerio de educación e formación profesional e o concello de Culleredo.
- **Obxectivos:** Ofrecer un recurso ao centro educativo encamiñado á obtención do éxito escolar, **a partir da lectura facilitada con cans.** Moitos estudos indican que **a interacción cos cans** adestrados para este fin, mellora as habilidades lectoras e a inmersión lingüística ademais de favorecer a autoestima e a integración co grupo de iguais.
- **Beneficiario:** alumnado de orixe inmigrante ou minorías étnicas do CEIP VILA DE RUTIS, previamente seleccionado polo propio centro.

- Nº total participantes:12
- Nº sesións: 4 por participante.
- Duración cada sesión: 20 minutos.
- Horario: lectivo a determinar
- Metodoloxía: on line.O menor estará acompañado por profesorado durante a sesión.
- Calendario proposto de posta en marcha
  - Selección de alumnado polo colexio: do 18 ao 30 de xaneiro
  - Inicio de reunións para presentacións as familias e establecemento de obxectivos de traballo con cada lector: primeira quenda de febreiro.
  - Data de inicio das sesións lectoras ONLINE : 15 de febreiro
  - Data de fin de sesións lectoras: 28 de maio

**Actividade 2: Da guerra coma arte a arte en contra da guerra. A guerra e o seu relato na arte contemporánea en Galicia**

C.I.F. P-1503100-H

- Data: a determinar
- Horario: a determinar
- Centro escolar participante: IES Blanco Amor
- Curso: 4º de ESO
- Nº participantes: un aula a elixir polo centro.
- Lugar: aula”

2.2.2.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

“

**\*SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
14/12/2020	1848	Conceder unha ampliación no Servizo municipal de Axuda no fogar	***8387**	catro horas á semana (agás festivos).
14/12/2020	1849	Dar de baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre	***9645**	

Código do documento	Código do expediente
<b>USG15I00HT</b>	<b>USG/2021/10</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>2N4P 5H0J 3N4M 5970 0QMB</b>	

		concorrenca con data 30/11/2020 ao causar alta como dependente cunha prestación de 52 horas mensuais o día 01/12/2020, segundo a aprobación do Programa de Atención Individual, efectuada e notificada pola Xunta de Galicia.		
14/12/2020	1850	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio	***3453**	cunha intensidade de cinco horas á semana (agás festivos)
04/01/2021	1	Dar de baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrenca con data 30/11/2020 ao causar alta como dependente cunha prestación de 9 horas mensuais o día 01/12/20, segundo a aprobación do Programa de Atención Individual, efectuada e notificada pola Xunta de Galicia.	***2606**	

C.I.F. P-1503100-H

**\*\*PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
16/12/2020	1882	Autorización, disposición, recoñecement, ordenación e pago.	****4266*	Pago do recibo de auga, correspondente ao 1º, 2º e 3º trimestre de 2020,  Pago do recibo de luz, por un importe de correspondente ás seguintes facturas: FE20321334317, FE20321336429380 e FE20321338962560	250,18€  209,92€,
16/12/2020	1883	Conceder unha axuda económica	***0301**	para a recarga da tarxeta do bus durante 4 meses (40€/mes)	

Código do documento	Código do expediente
<b>USG15100HT</b>	<b>USG/2021/10</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>2N4P 5H0J 3N4M 5970 0QMB</b>	

16/12/2020	1884	Conceder unha axuda económica.	***6452**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de setembro (275€), outubro (400€) e novembro (400€) de 2020.	1075€
16/12/2020	1885	Conceder unha axuda económica.	***6838**	Pago de recibo de luz, correspondente ao período de 10 de setembro 2019 ata o 12 de novembro 2019.  Pago de recibo de gas, correspondente ao período de 08 de xuño 2019 ata 11 de xuño 2020.	125,56€  40,13€

2.2.3.- A Sra. Iglesias Becerra dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes comunicacións previas da concellería delegada da Área de Urbanismo:

**“COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E APERTURAS**

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 05 de xaneiro de 2021, a comunicación previa presentada por J.M.A., para substitución de solados e alicatados de cociña e baños en vivenda situada na Avd. Alcalde Electo Carballo, parroquia de Rutis (exp. UAU/2019/628).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 05 de xaneiro de 2021, a comunicación previa presentada por L.P.V. Para a reforma de cociña e baño en vivenda situada na Rúa Eduardo Blanco Amor, parroquia de Rutis (exp. UAU/2019/637).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 05 de xaneiro de 2021, a comunicación previa presentada por M.P.I. para substitución de ventás en vivenda situadas en Rúa Anxo Senra Fernández, e Manuel Azaña, parroquia de O Burgo, (exp. UAU/2019/638).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 05 de xaneiro de 2021, a comunicación previa presentada por M.C.G.S., para reforma de baño de vivenda unifamiliar, situada en Rúa Andrés Gaos, parroquia de Rutis, (exp. UAU/2019/639).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 08 de xaneiro de 2021, a comunicación previa presentada por E.G.P., para pintado de fachada en vivenda unifamiliar, situada na Avda. de Almeiras, parroquia de Almeiras, (exp. UAU/2019/588).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 08 de xaneiro de 2021, a comunicación previa presentada por COMUNIDADE PROPIETARIOS RUA TIERNO GALVAN 1-3-5, para reforma de portal e ascensores para resolución de accesibilidade edificio situado na Rúa Tierno Galván 1-3-5, Parroquia de O Burgo (Exp. UAU/2019/597).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 08 de xaneiro de 2021, a comunicación previa presentada por J.L.N.B., para substitución de suelos e mampara de madeira, nun local situado na Rúa Pablo Iglesias, parroquia de Rutis. (exp. UAU/2019/600).

Código do documento	Código do expediente
<b>USG15I00HT</b>	<b>USG/2021/10</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2N4P 5H0J 3N4M 5970 0QMB	

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 08 de xaneiro de 2021, a comunicación previa presentada por J.A.F.G., para arranxo de pilares do portal do edificio situado na Rúa Daniel Rodríguez Castelao, parroquia de Rutis (exp. UAU/2019/648).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 08 de xaneiro de 2021, a comunicación previa presentada por M.A.P.E., para restauración de fachada traseira no edificio situado na Avd. de Vilaboa, Parroquia de Rutis (exp. UAU/2019/651).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 12 de xaneiro de 2021, a comunicación previa presentada por M.A.P.E. para reparación integral de fachada no edificio situado na Avda. de Ribados, parroquia de O Burgo,(Exp. UAU/2019/647).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 12 de xaneiro de 2021, a comunicación previa presentada por M.R.V.C., para reforma dun cuarto de baño en vivenda situada en Rúa Jorge Guillén, parroquia de Rutis, (exp. UAU/2019/657).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 12 de xaneiro de 2021, a comunicación previa presentada por TUXE LIFE, S.L. para pintado fachada local comercial, situado en Rúa Jorge Guillén num. 1, parroquia de Rutis, (exp. UAU/2019/658).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 12 de xaneiro de 2021, a comunicación previa presentada por M.C.E.R., para reforma interior en vivenda situada en Rúa Brañas, parroquia de Rutis (exp. UAU/2019/664).”

C.I.F. P-1503100-H

2.2.4.- O Sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da concellería delegada da Área de Medio Ambiente, Obras e Servizos:

- Resolución número CUL/RES/1816/2020 de data do 10/12/2020, pola que se autoriza o uso especial por VILAGA SUMINISTROS, SL, dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización das acometidas de servizos públicos de saneamento, electricidade e telecomunicacións da estación de servizo situada en Canabal – Culleredo.
- Resolución número CUL/RES/1817/2020 de data do 10/12/2020, pola que se inicia o expediente para a execución forzosa mediante imposición de multas coercitivas para a limpeza e a roza dos terreos situados na referencia catastral 15031A04100469.
- Resolución número CUL/RES/1818/2020 de data do 10/12/2020, pola que se ordena á propiedade, á realizar a limpeza nos terreos coa referencia catastral 15031A01000029.
- Resolución número CUL/RES/1819/2020 de data do 10/12/2020, pola que se ordena á propiedade, á realizar a limpeza nos terreos coa referencia catastral 15031A027003070000OX.
- Resolución número CUL/RES/1820/2020 de data do 10/12/2020, pola que se ordena á propiedade, á realizar a limpeza nos terreos coa referencia catastral 0153811NH5905S0001AY.
- Resolución número CUL/RES/1832/2020 de data do 10/12/2020, pola que se ordena á propiedade, á realizar a limpeza nos terreos coa referencia catastral 0055804NH4995N.
- Resolución número CUL/RES/1827/2020 de data do 10/12/2020, pola que se ordena á propiedade, á realizar a limpeza nos terreos coa referencia catastral 15031A01500179.
- Resolución número CUL/RES/1852/2020 de data do 15/12/2020, pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, SA, dos terreos de dominio público municipal afectados para a liña eléctrica de baixa tensión subterránea para subministro eléctrico á vivenda unifamiliar situada na R/. Río Xares – Rutis, Concello de Culleredo.



Código do documento	Código do expediente
<b>USG15I00HT</b>	<b>USG/2021/10</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
<b>2N4P 5H0J 3N4M 5970 0QMB</b>	

- Resolución número CUL/RES/1935/2020 de data do 22/12/2020, pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, SA, dos terreos de dominio público municipal afectados para subministro eléctrico RBTS á vivenda unifamiliar situada na R/. Laxe – Rutis, Concello de Culleredo.
- Resolución número CUL/RES/2/2021 de data do 05/01/2021, pola que se dá de baixa con efectos do ano 2021, a licenza municipal número 363 da reserva de pasaxe permanente situada na Avda. de Ribados, núm. 3, á solicitude da interesada por non facer uso dela.
- Resolución número CUL/RES/8/2021 de data do 05/01/2021, pola que se concede a licenza municipal número 432 para pasaxe permanente, para o garaxe particular situado na Avda. de Almeiras núm. 37.
- Resolución número CUL/RES/13/2021 de data do 11/01/2021, pola que se aproba o Plan de Seguridade e Saúde da obra “Adecuación campo de fútbol del C.E.I.P. Tarrío”.
- Resolución número CUL/RES/26/2021 de data do 18/01/2021, pola que se aproba o Plan de Seguridade e Saúde da obra “Humanización na Avda. de Ribados”.
- Resolución número CUL/RES/27/2021 de data do 18/01/2021, pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, SA, dos terreos de dominio público municipal afectados para o subministro eléctrico RBTS á vivenda unifamiliar situada na R/. Regueiro núm. 11 A, parroquia de Rutis, Concello de Culleredo.
- Resolución número CUL/RES/28/2021 de data do 18/01/2021, pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, SA, dos terreos de dominio público municipal afectados para o subministro eléctrico RBTS á vivenda unifamiliar situada na R/. Regueiro núm. 11, parroquia de Rutis, Concello de Culleredo.”

C.I.F. P-1503100-H

### **3.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e sete minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe  
O alcalde  
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)